



ACTA DA REUNIÓN Nº 2 DO XURADO DESIGNADO PARA O FALLO DO "CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOV E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA). EXPEDIENTE: PRG-2021-0243.

Conforme ao acordado na sesión anterior na data de hoxe 06 de xuño de 2022, as 11:00 horas reúnense os membros do Xurado para o fallo do concurso de ideas arriba referenciado (en adiante o Concurso), no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1 ; Sanxenxo (Pontevedra).

I.- O Xurado queda validamente constituído, coa presencia dos seguintes asistentes:

Presidenta do Xurado:

Presidenta da entidade publica Portos de Galicia – Susana Lenguas Gil Vogais:

- O Alcalde do Concello de Sanxenxo – Telmo Martín González
- O arquitecto municipal do Concello de Sanxenxo – Rafael Vázquez Abal
- Un enxeñeiro de camiños, canais e portos designado por Portos de Galicia – Roi Fernandez Añón
- Un representante enxeñeiro de camiños, canais e portos, designado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos - Francisco Alonso Fernández
- Un representante arquitecto designado polo Colexio de arquitectos de Galicia - José González-Cebrián Tello
- O representante pola Consellería da Xunta competente en materia de Urbanismo – María Encarnación Rivas Díaz

1

Secretario:

- O Xefe do Departamento de Secretaría xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia – Manuel Bautís Cheda

II.- Deliberacións e Acordos.

Primeiramente o Xurado toma en consideración a petición remitida conjuntamente por correo electrónico polo Club Náutico Portonovo e pola Confraría de Pescadores, no que con apoio na no parágrafo 5º da Base 11 do Pregó de Bases do Concurso e en base ao coñecemento do porto, ao ser concesionarios e xestores dunha parte deste, acceder a os proxectos presentados e ser escouitados sobre estes, e dar o seu parecer sobre ditos proxectos.

Por unanimidade do Xurado este acorda que tralas deliberacións preliminares dos seus membros, ao final destas, invitar a un representante do Club Náutico de Portonovo e a outro da Confraría de Pescadores a participar nas deliberacións e que á vista das propostas expostas nos paneis DIN A1 poidan dar a seu parecer ao respecto das proposicións.



Acto seguido, o Xurado inicia a análise das propostas, mediante o exame e comentario comparativo das propostas á visa dos paneis DIN A1 poñendo en común dos seus membros, as consideracións particulares iniciais que cada un destes acadou tralo estudio das ofertas presentadas.

- 1.- Lema " Novo porto de Portonovo"
- 2.- Lema " Tales"
- 3.- Lema " Portonovo ao mar"
- 4.- Lema "Duna 022"
- 5.- Lema " A raia"
- 6.- Lema " Puerto+ciudad"

Sendo as 14:00 horas e chegado a este punto das deliberacións, e de conforme ao acordado incorpóranse as deliberacións do Xurado, o Sr. Jaime Barreiro Laredo na súa condición de representante do Club Náutico de Portonovo, e o Sr. Juan José Besada Rico, na súa condición representante da Confraría de Pescadores os cales manifestan previamente o descoñecemento de incompatibilidades con calquera das propostas presentadas ao Concurso.

Acto seguido se lles da acceso aos paneis DIN A1 das ofertas e os membros do Xurado, comentan con eles as características de cada proposta e as apreciacións iniciais que se observan sobre estas.

2

Sendo as 14:20 horas, por unanimidade do Xurado, acordase suspender a sesión ata as 16:30 horas na que se reanudará esta.

Ás 16:30 horas coa asistencia dos asistentes no momento de inicio desta sesión do Xurado, reanudase a sesión deste.

Primeiramente os representantes do Club Náutico de Portonovo e da Confraría de Pescadores, van debatendo e analizando co resto do membro dos xurado, os distintos aspectos, vantaxes e desvantaxes, que aprecian das diferentes ofertas. Así coméntanlle ao Xurado as condicións que contemplan estas propostas en aspectos tales como, as solucións para o varadoiro e peche ao público deste e doutros espazos, ubicación de pasarelas, tránsito do pasaxe, a afectación da actividade de pasaxe, a operatividade do travelift, a reubicación ou non de instalacións (fábrica de xeo, unidades de suministro de combustibles,...), solucións que propoñen as ofertas sobre os aparcamentos, aproveitamento de espazos en zonas do morro do dique, no espigón. Ven ideas positivas como a solución do acceso ao pasaxe a través dunha estrutura paralela ao espaldón, si ben ambos usuarios portuarios non están acordo coa localización do varadoiro; outras solucións dan boa traza a cuestión da rampla tapada. Coinciden co xurado en que non hai unha proposta óptima.





Sendo as 17:15 horas, e unha vez oídos o Club Náutico e a Confraría, os representantes deixan a sesión e continuase co traballo do Xurado.

Por unanimidade do Xurado, cualifícanse as propostas con arranxo ás valoracións que se indican de seguido co seguinte resultado:

	LEMAS:	NOVOPORTODEPORT ONONO		DUNA 22		TALES		+PUERTO+CIUDAD		PORTONOV AO MAR		A RAIA	
PTOS	CRITERIOS DE VALORACION	PTOS	OBS	PTOS	OBS.	PTOS	OBS	PTOS	OBS	PTOS	OBS	PTOS	OBS
50	CALIDAD ARQUITECTONICA E INGENIERIL Y MEJOR ADECUACION AL PROGRAMA	43	Plantexamento das soluciones cunha claridade e limpeza superior ás demás. Boa integración coa trama urbana.	41	Plantexamento de percorridos en relación coa mobilidade e accesibilidade detallada. Separacións de tráficos e bo estudo da integración da concesión para aparcadoiro.	38	Plantexamento que acada novos espazos de ocio integrados coa trama urbana. Adecuada separación de usos. Falta de concreción na definición do aparcamento a da interacción co desague do río.	25	Falla de detalle da mobilidade e fluxos de tráfico. Amplio recheo sen poder establecer a ocupación real da escollera e posibilidade de novas adscripciones.	22	Escasa concreción de espazos e funcionalidade. Aparcamiento en superficie e non aproveitamento concesional.	16	Alta presión sobre o tecido urbano coa proposta lineal. Escasa concreción de espazos e funcionalidades. Pouca profundidade de estudio.
25	VIABILIDAD ECONÓMICA Y DESARROLLO CONSTRUCTIVO	19	Proposta con presupuesto detallado con detalle de ratios de valor e módulos	19	Proposta con presupuesto ben estruturado ademáis de excelente definición de fases de ejecución.	20	Desenvolvemento de presupuestos por fases e amplio grado de detalle	7	Estudio económico pouco adecuado, valoración deficiente da salida do río	5	Escaso detalle	0	Sen análise
15	SOSTENIBILIDAD AMBIENTAL	12	Elevado grado de integración de diferentes propostas sostenibles.	12	Elevado grado de sostenibilidade ambiental con solución naturais e eficientes.	11	Elevado grado de sostenibilidade ambiental con soluciones recicladas e eficientes. Vida	3	Rechosos agresivos	5	Escaso detalle	5	Escaso detalle
10	MINIMIZACION COSTES DE MANTENIMIENTO	8	Descripción xeral sen detalles concretos	8	Descripción xeral sen detalles concretos	8	Descripción xeral sen detalles concretos	0	Sen mención	2	Escaso detalle	0	Sen mención
100	TOTAL	82	1º	80	2º	77	3º	35	4º	34	5º	21	6º

Polo tanto as clasificación das ofertas presentadas resultante é a seguinte por orde ascendente:

No posto nº 6 a proposta Lema "A raia",

No posto nº 5 a proposta Lema "Portonovo ao mar".

No posto nº 4 a proposta Lema "Puerto+ciudad"





No posto nº 3 a proposta Lema " Tales".

No posto nº 2 a proposta Lema "Duna 022"

No posto nº 1 a proposta Lema " Novo porto de Portonovo"

Finalmente, tómanse estes acordos:

1. Por unanimidade do Xurado acordase a seguinte asignación de premios:

a. Primeiro premio (proposta gañadora) dotado con 25.000,00 euros: Lema " Novo porto de Portonovo".

A proposta plantéxase desde unha visión realista que mostra, partindo dunha análise e coñecemento tanto do porto e as súas actividades como de Portonovo, as dificultades inherentes nas relación porto-cidade como consecuencia dos diferentes usos e intereses que as caracterizan.

É por isto que se valora a aposta por incidir fundamentalmente pola transformación da fronte-bordo portuario, onde Portonovo sofre máis que desfruta actualmente os problemas derivados da escaseza superficial.

4

Así pois, a transformación do seu bordo, apoiándose na rectificación do actual viario, incide con claridade na mellora peonal, a oferta restauradora necesitada de maior superficie e que se suma á mellora ambiental con novo arbolado, mobiliario urbano e espazos de convivencia.

Así mesmo a intervención resolve de xeito adecuado a nova relación co casco antigo, mediante un tratamiento similar en materiais, balado axardinado e escaleiras vinculando así a "nova praza Rafael Pico" aos seus ámbitos adxacentes.

A búsqueda da conexión coa lámina de auga, proponse a través dunha nova "Praza do Porto" adxacente á lonxa e lugar de reunión da xente do mar.

A intervención sobre o ámbito pesqueiro, trasladando os fluxos peonís cara os ferris turísticos a través dun novo paseo sobre o dique e a reubicación dos departamentos e nave de redes, utilizando para iso o espaldón do dique e a superficie adxacente, considérase ben resolta.





A demolición do edificio sito na avenida de Pontevedra e reubicado ao espaldón do dique, permite a rectificación da avenida de Pontevedra e crear unha nova praza situada a 1,2 m sobre o peirao, proxectando unhas novas gradas que minimizan así a presencia de coches e camións, reducidas xa ao mínimo requirido, estacionados sobre a zona portuaria.

Proxéctase así mesmo un parking subterráneo para 300 prazas.

O traballo desenvolve todas as solicitudes dos pregos.

b. Segundo premio dotado con 10.000,00 euros á proposta: Lema "Duna 022".

Proposta moi elaborada, co reto de integrar a gran infraestrutura portuaria no entorno, por iso se plantexa a idea de continuidade na duna que percorre a Praia de Portonovo, colonizando o novo espazo urbano das zonas portuarias.

Así mesmo, xerando un percorrido peonil a través dunha pasarela, eixo vertebrador do proxecto, integrada coa zona portuaria e que chegaría ata a praia de Caneliñas.

Esta intervención posibilita a apertura de dúas prazas, unha de conexión da área urbana e hostaleira coa zona portuaria abríndose ao mar, e outra á cota da pasarela superior, situada sobre o novo aparcadoiro, encontro entre os diferentes percorridos propostos, integrada co espigón.

5

A reorganización do porto, establece as novas delimitacións das áreas deportivas, más próxima ao bordo urbano e inmediata á zona do club náutico e os seus accesos.

O porto pesqueiro, entre a lonxa e a punta do dique, onde se situa o novo varadoiro.

O acceso ao ferri realiza pola pasarela, baixo a cal se sitúan os novos espazos do porto pesqueiro.

A proposta incide na flexibilidade dos espazos urbanos, unidos ao desenvolvemento do ámbito portuario.





Hai que destacar o enorme esforzo realizado en detallar todas as propostas mediante esquemas tridimensionais que posibilitan a súa fácil lectura e comprensión.

O traballo desenvolve toda as solicitudes dos pregos.

c. Terceiro premio dotado con 5.000,00 euros á proposta: Lema " Tales".

Proposta que mostra a súa preocupación paisaxística, con solucións de valor urbano, arquitectónico e enxeñeiril evidentes.

A intervención cun carácter restaurador persegue unha nova imaxe portuaria mediante a súa aproximación á paisaxe dunar adxacente da praia de Baltar.

Tamén se expresa a través de dúas imaxes singulares de arquitectura portuaria e enxeñeiril de interese.

A primeira sería o denominado edificio "dique-loggia" para albergar todas as actividades náuticas, situado case adxacente ao cantil do peirao e perceptible desde o mar como fronte marítima polas súas características proxectuais, tamén hai que resaltar o seu espazo adxacente coa reconversión da antiga rampla en espazo de gradas e rampla de botadura de piraguas.

As actuais instalacións portuarias sitúanse no extremo oriental do dique, próximas á fábrica de xeo.

A segunda intervención, máis enxeñeiril, é o despregue da "gran sombra", elemento técnico lixeiro construído cunha estrutura de mastis, cables e unha gran vela que remite aos paos e oblenques dos peiraos deportivos.

A explanada portuaria remodélase así para consolidar a condición pública e festiva do lugar.

A avenida de Pontevedra, rúa da Marina, praza da Curva, rúa Rafael Pico, intégranse ao proxecto buscando a mellora medio ambiental do bordo.

O aparcadoiro de unha a dúas prazas subterráneas pasa a 225 ou 450 segundo os estudos específicos e o desenvolvemento de todas as solicitudes do prego caracterizan o traballo desenvolto.





2. Por unanimidade do Xurado acordase conforme á base 09 do Prego de Bases proceder, ás 13:00 horas do día 08 de xuño de 2022, no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1; Sanxenxo (Pontevedra), ao pronunciamento en acto público do fallo determinando as propostas gañadoras e a asignación motivada dos premios dos finalistas. Asemade darase publicidade a través do perfil do contratante e web de Portos de Galicia, no portal web do Concello e dos Colexios de Arquitectos de Galicia e de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.
3. Por unanimidade do Xurado acordase conforme á base 08 do Prego de Bases que unha vez feito público o fallo do Xurado (que se elevará ao perfil do contratante de Portos de Galicia, a súa web así como aos portais do Concello de Sanxenxo, e do Colexio Oficial de Arquitectos-Galicia e do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia), procederase a apertura en acto público do Sobre nº1 Documentación Administrativa a efectos de revelar a identidade dos concursantes premiados así como a daqueles non premiados que non optaran expresamente polo anonimato tanto na súa identidade na exposición pública dos traballos como na súa posible publicación en papel ou na web (Base 10 do Prego de Bases). Dito acto público terá lugar o vindeiro día 08 de xuño de 2022, ás 13:30 horas , no lugar da sala de reunións da Casa do Concello de Sanxenxo situado na Rúa Madrid, nº 1; Sanxenxo (Pontevedra)

7

Sendo as 17:55 horas dáse por finalizada a reunión.

En proba de conformidade asinan todos os asistentes.

